

## **DRUPAL - PAXINA WEB DO CENTRO - USUARIOS**

**Enlace ao curso de Drupal de Webs Dinámicas:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual/course/index.php?categoryid=9>

**Para usuarios en xeral:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual/course/view.php?id=43>

### **1. Crear contido:**

En Drupal podemos crear, en principio, todos estes tipos de contido:

- Artigo do blogue
- Book page
- Evento
- Historia
- Imaxe
- Páxina
- Webform

Isto é o que di o manual de Drupal sobre a creación de contidos:

Na práctica, os tipos *Páxina de libro (book page)*, *Historia* e *Páxina* son idénticos, polo que **a nosa recomendación é empregar o tipo *Páxina*.**

É dicir, para un contido xenérico o máis recomendable é empregar o tipo *Páxina*, se ben tamén veremos *Evento*, *Artigo do blogue* e *Webform*.

#### ● **Páxina**

Temos unha explicación moi clara de cómo crear unha páxina no manual de Drupal:

[Ligazón ao manual de Drupal - Crear páxina](#)

- **Ampliación: Adxuntar ficheiros e enlazalos na propia páxina.**

Podemos ver a continuación un exemplo dunha publicación tipo *Páxina* moi sinxela:

**Título: \***  
Modelo autorización - Museos coruñeses

**Departamentos:**  
Tecnoloxía

Amosar o sumario na vista completa


**Corpo:**

Poñemos á vosa disposición o modelo de autorización para a visita aos museos coruñeses que faremos o vindeiro mércores 20 de marzo.

Descargar autorización

Ruta: p

[Desactivar texto enriquecido](#)



- ▶ [Formato de entrada](#)
- ▶ [Axustes de ruta URL](#)
- ▼ [Ficheiros adxuntos](#)

Os cambios que se fan aos adxuntos non son permanentes até que se garde a entrada. O primeiro ficheiro da lista inclúese nas orixes RSS.

**Adxuntar un novo ficheiro:**

Sin 3 archivos seleccionados

O tamaño máximo de subida é 5 MB. So os ficheiros coas seguintes extensións poden ser subidos: jpg jpeg gif png txt doc xls pdf ppt pps odt ods odp flv swf mp3.

**2**

Para adxuntar un ficheiro teremos que clicar primeiro en *Seleccionar arquivo*, o que nos abrirá unha ventá na que poder seleccionar un arquivo do noso equipo, unha vez seleccionado, clicamos en *Adxuntar*.

Podemos crear un hipervínculo dende un texto que escribamos na propia entrada para que sexa máis intuitivo acceder ao arquivo adxunto. Neste caso faremos que ao clicar en *Descargar autorización*, texto que escribimos no corpo da páxina, poidamos descargar o adxunto. Para iso hai que fixarse na dirección URL que se lle asignou ao arquivo despois de clicar en *Adxuntar*:

▼ Ficheiros adjuntos

Os cambios que se fan aos adjuntos non son permanentes até que se garde a entrada. O primeiro ficheiro da lista inclúese nas orixes RSS.

Borrar	Lista	Descrición	Tamaño
<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	autorizacion.pdf <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/curso147/system/files/autorizacion.pdf">http://www.edu.xunta.gal/centros/curso147/system/files/autorizacion.pdf</a>	12.22 KB

**Adxuntar un novo ficheiro: Dirección URL do arquivo adxunto**

Seleccionar arquivo Sin arquivos seleccionados


O tamaño máximo de subida é 5 MB. So os ficheiros coas seguintes extensións poden ser subidos: jpg jpeg gif png txt doc xls pdf ppt pps odt ods odp flv swf mp3.

Adxuntar

Temos que seleccionar esa dirección e copiala, e posteriormente crear un hipervínculo na páxina:

Amosar o sumario na vista completa


**Corpo:**



Poñemos á vosa disposición o modelo de autorización para a visita aos museos coruñeses que faremos o vindeiro mércores 20 de marzo.

[Descargar autorización](#) **1**

Primeiro seleccionamos o texto que queremos que sirva de hipervínculo (1) e clicamos na icona de insertar hipervínculo (2):



Temos que pegar a URL que copiamos previamente onde di URL do enlace. En *Obxectivo* podemos definir se queremos que o arquivo se abra na mesma ventá ou nunha nova. Clicamos en Insertar, e se o fixemos ben, podemos ver que o texto seleccionado cambiou a cor azul e está subliñado.

Finalmente temos que *Gardar* a páxina para que se publique.

## ● Eventos

O formato de *Eventos* é moi similar a *Páxina*, a maiores permite indicar unha data de comezo (e se queremos tamén unha de finalización) do evento. Ten a vantaxe de que aparecerá o evento no calendario da web do centro.

**Pode ser interesante para comunicar datas de exames, actividades complementarias e extraescolares, avaliacións, etc.**

Eventos

Event has time  
Is time important for this event? Uncheck if event takes all day.

**Data de Inicio:**

Event has end date  
Check if you want to specify an end date for this event, then choose end date below.

**Data de fin:**

Na parte inferior de *Eventos* aparece a opción de indicar a data. Se marcamos *Event has time* permítenos tamén engadir a hora. Tamén permite marcar a data de remate (se se trata dunha excursión, por exemplo).

Os días que haxa algún evento, aparecen marcados en negra no calendario da web do IES:

**EVENTOS**

« Abril 2023 »

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

## ● Artigo do blogue

Drupal ofrece ao profesorado a posibilidade de crear un blog na propia páxina do centro. É unha forma sinxela de crear contidos empregando ferramentas corporativas e non ferramentas externas como blogger, wordpress, etc.

Para poder facer un blogue, ten que estar configurado previamente polo administrador da páxina web do centro.

A única diferencia entre un artigo do blogue e unha páxina é que o artigo do blogue publicarémolo nun dos blogues creados:

## Crear Artigo do blogue

**Título:** \*

▼ Vocabularios

**Blogs do centro:**  
- Ningún seleccionado - ▼

**Departamentos:**  
- Ningún seleccionado - ▼

**Etiquetas dos blogs:**

Unha lista de termos separada por comas que describe este contido. Por Exemplo: divertido, salto con corda, "Company, Inc".

### ● Creación/Inserción de contidos multimedia

#### ● Inserir un arquivo de audio mp3


Se ben existen varios xeitos de facelo, **o método recomendado é mediante o emprego das etiquetas <audio ...> </audio>** de HTML 5. O navegador interpretará estas etiquetas e amosará un reproductor de audio na nosa páxina cos controis correspondentes.

O xeito de facelo sería o seguinte:

- Engadir o ficheiro mp3 de audio como ficheiro adxunto ao noso contido.
- Copiar no portapapeis a ruta URL do arquivo unha vez subido ao noso sitio web.
- **Desactivar o texto enriquecido** na entrada:

Amosar o sumario na vista completa

Corpo:




The screenshot shows the Drupal rich text editor interface. At the top right, there is a checkbox labeled "Amosar o sumario na vista completa" which is checked. Below this, the main editing area contains the text "Podedes desfrutar a continuación do primeiro programa de Radio Leiras." followed by an audio player widget. At the bottom of the editor, there is a checkbox labeled "Desactivar texto enriquecido" which is currently unchecked. A red arrow points from the text "Desactivar o texto enriquecido" in the list above to this checkbox. The checkbox label "Desactivar texto enriquecido" is highlighted with a red box.

- Pegar o seguinte código, substituíndo o texto en vermello "PEGAR-A-RUTA-ANTERIOR" pola ruta URL do arquivo que copiamos:

```
<div align="center"><audio id="player" controls="true"> <source src="PEGAR-A-RUTA-ANTERIOR" type="audio/mpeg"></source> </audio></div>
```

- Gardar os cambios

Podes ver un exemplo a continuación de como quedaría co seguinte código:



### ● Inserir un arquivo de video mp4

Se ben existen varios xeitos de facelo, o método recomendado é mediante o emprego das etiquetas `<video ...> </video>` de HTML5. O navegador interpretará estas etiquetas e amosará un reproductor de video na nosa páxina cos controis correspondentes.

O xeito de facelo sería o seguinte:

- Engadir o ficheiro mp4 de vídeo como ficheiro adxunto ao noso contido.
- Copiar no portapapeis a ruta URL do arquivo unha vez subido ao noso sitio web.
- Desactivar o texto enriquecido e pegar o seguinte código, substituíndo o texto en vermello "PEGAR-A-RUTA-ANTERIOR" pola ruta URL do paso anterior:

```
<div align="center"><video width="320" height="240" controls="true"> <source type="video/mp4" src="PEGAR-A-RUTA-ANTERIOR"></source> O teu navegador non soporta este vídeo. </video></div>
```

- Se queremos modificar o tamaño do reproductor de vídeo podemos cambiar os valores de *width* (anchura) e *height* (altura) en píxeles.
- Gardar os cambios

Podes ver un exemplo a continuación de como quedaría o vídeo:



### ○ Vídeo embebido mediante HTML

Se queremos incrustar un vídeo na web do centro podemos facelo dun xeito moi sinxelo pegando o código HTML que nos ofrecen a maioría de páxinas de vídeo baixo demanda.

Veremos o exemplo con Youtube por ser a plataforma máis empregada.

Pasos a seguir:

- Buscamos en Youtube o vídeo que queiramos embeber na web.
- Na parte inferior do vídeo facemos clic en Compartir, e aparece a seguinte ventá:




- Clicamos en *Insertar* e copiamos o código que empeza con `<iframe>` e remata con `</iframe>`. Podemos tamén variar o tamaño do reproductor cambiando os valores de *height* e *width*.
- Lembra que para pegar o código temos que *Desactivar o texto enriquecido*.

### ○ Vídeo embebido mediante URL

É unha opción similar á anterior. Buscamos o vídeo en Youtube, clicamos en *Compartir* e copiamos a dirección URL, que comeza por `https://...`

Na nosa páxina buscamos a icona de Insertar/Editar medio embebido:

Ábrese entón unha ventana na que pegamos a URL e tamén podemos modificar as dimensión de ancho (*height*) e alto (*width*):



## ● Webform

Se o administrador da web o configurou previamente, poderemos crear un formulario (*webform*):

**Inicio » Crear contido » Webform**

O primeiro paso é engadir o título e o texto introdutorio ao formulario, similar a unha páxina:

Unha vez gardado, na pestana *Webform* é onde temos que engadir os campos do formulario:

Etiqueta	Tipo	Valor	Mandatory	Operacións
+	Apelidos	Textfield	-	<input checked="" type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	Nome	Textfield	-	<input checked="" type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	Número de membros da unidade familiar	Número	-	<input checked="" type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	Dispón de Internet na casa?	Select options	-	<input checked="" type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	Curso	Select options	-	<input checked="" type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	Data de nacemento	Data	-	<input checked="" type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	Observacións	Textarea	-	<input type="checkbox"/> Editar Clonar Borrar
+	New component name	Textfield	-	<input type="checkbox"/> Engadir

Para crear os campos, temos que definir:

- **Etiqueta:** Nome do campo.
- **Tipo:** Hai varios, pero os máis empregados serán:
  - *Textfield*: Para un campo de texto curto, como Nome e apelidos.
  - *Select options*: Para escollas de Si/Non, escolla múltiple.

Para especificar as opcións, debemos escribilas cunha clave e separala polo carácter: |  
O máis sinxelo é empregar 1|..., 2|..., tal e como se mostra na imaxe anterior.



- *Data*: Para un campo como Data de nacemento, por exemplo.
- *Número*: Para un campo no que só se poda introducir un número.
- *Textarea*: Para un campo de texto longo, como por exemplo, Observacións.
- *Ficheiro*: Permite adxuntar un arquivo e definir que tipos de arquivo se poden subir.
- *Grella*: Para unha matriz de avaliación, tipo:

**Avaliación dos museos coruñeses: \***

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Casa das ciencias	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Domus	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Aquarium	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Na que haberá que definir as *Opcións* e as *Questions*:

**Opcións: \***

```
1|Moi ben
2|Ben
3|Regular
4|Mal
```

**Questions: \***


```
1|Casa das ciencias
2|Domus
3|Aquarium
```

- **Valor**: Se definimos un valor por defecto que teña o campo.
- **Mandatory**: Marcarémolo se queremos que sexa obrigatorio que se cubra ese campo.

Unha vez definida todas estas opcións, facemos clic en *Engadir*.

Para visualizar o formulario seleccionamos a pestana *Ver*, e os resultados verémolo en *Resultados*.

Podemos engadir **restriccións ao formulario**, na opción *Axustes do formulario*:



Pódese restringir en función do rol:

▼ **Submission access**


These permissions affect which roles can submit this webform. It does not prevent access to the webform page. If needing to prevent access to the webform page entirely, use a content access module such as [Taxonomy Access](#) or [Node Privacy by Role](#).

**Roles that can submit this webform:**

- usuario/a anónimo/a
- usuario autenticado
- administrador
- anpa
- orientador
- profesorado

The *usuario autenticado* role applies to any user signed into the site, regardless of other assigned roles.

Podemos restrinxir tamén o *número total de envíos*, o *número de envíos por usuario* e tamén podemos establecer o *estado do formulario* (aberto ou pechado):



The screenshot shows three sections of form settings:

- Total submissions limit:** Radio button selected for "Ilimitado". Below it is a "Limit to" field (empty) and a dropdown menu set to "ever". A note below reads: "Limit the total number of allowed submissions."
- Per user submission limit:** Radio button selected for "Ilimitado". Below it is a "Limit each user to" field (empty) and a dropdown menu set to "ever". A note below reads: "Limit the number of submissions per user. A user is identified by their user login if logged-in, or by their IP Address and Cookie if anonymous. Use of cookies may be modified in the global Webform settings."
- Status of this form:** Radio button selected for "Aberta". Below it is a radio button for "Pechada". A note below reads: "Closing a form prevents any further submissions by any users."

## Sobre permitir os comentarios:

### Comentarios nos tipos de contido:

Como dicíamos ao principio, os comentarios van asociados aos contidos, e os usuarios poderán introducir comentarios a un contido concreto sempre que este estea configurado para permitilo e, por suposto, os permisos do módulo *comment* que acabamos de ver tamén o permitan.

Na seguinte imaxe vemos a sección de Configuración de comentarios do formulario de edición ou creación dun contido. Temos tres opcións:

- **Desactivado.** O contido non permitirá que ninguén introduza comentarios a este contido.
- **Só lectura.** Os contidos que xa teñan sido introducidos quedarán visibles pero non se poderán introducir novos comentarios.
- **Lectura/Escritura.** O contido permite que se introduzan novos contidos e tamén se poden ver os que xa foron introducidos anteriormente.



The screenshot shows a settings panel with the following options:

- ▶ Axustes de ruta URL
- ▼ Configuración dos comentarios
  - Desactivado
  - Só lectura
  - Lectura/Escritura
- ▶ Printer, email and PDF versions

Figura 2: Configuración de comentarios nun novo contido.

Desde o **Proxecto Webs Dinámicas** recoméndase que só se permita a introdución de comentarios naqueles contidos para os que realmente se desexa a interacción dos usuarios, pero que pasado o tempo de actualidade, vixencia ou interese do contido, se cambie esta configuración para que non se podan introducir máis comentarios.